

TRABALLO POR PROXECTOS – Proxecto Piteas

O MUSEO SAE DO ARMARIO

1. INTRODUCCIÓN

1. Xustificación

O **CPI Aurelio Marcelino Rey García** leva tres anos incorporado ao **PLAMBE** e este era o segundo que facíamos parte do **Programa PITEAS**. Tanto desde un como desde o outro Programa, se nos anima ao profesorado a implementar novas metodoloxías de traballo para mellorar a aprendizaxe do noso alumnado. Ao tempo, funciona no centro un Grupo de Traballo sobre **Aprendizaxe Cooperativa**.

Desde o claustro pensamos que a mellor maneira de integrar todas estas propostas era na realización dun **Proxecto Documental de Centro** no que, de maneira coordinada, cun obxectivo común, colaborásemos todas as materias e titorías que o desexásemos.

Así naceu o proxecto **O MUSEO SAE DO ARMARIO**, pois aí era onde tiñamos o noso pequeno *Museo Xesús Ferro Couselo*: agochado nun roupeiro.

O **Museo Xesús Ferro Couselo** é un espazo, que desde o ano pasado fai parte da Biblioteca Escolar. Foi creado no ano 1997 por profesorado que daquela traballaba no centro, incorporando pezas procedentes das escolas unitarias da redonda (fondos pedagóxicos) e doazóns de alumnado e familias (fondos etnográficos). O Museo levaba anos pechado e xa desde o primeiro Proxecto Plambe tiñamos na cabeza a idea de reabrilo e fomentar o seu uso, pois viámoslle enormes posibilidades pedagóxicas.

A **proposta era sinxela e ambiciosa: reabrir o Museo Xesús Ferro Couselo e inauguralo cunha XORNADA DE PORTAS ABERTAS a finais de curso con exposicións, xogos, actividades, etc.**

Os **obxectivos** que nos propuxemos foron os seguintes:

- Ter un proxecto común de escola. Ilusionarnos e emocionarnos xuntas.
- Fomentar o traballo en base a proxectos e as metodoloxías activas en todas as aulas.
- Fomentar o uso da Biblioteca Escolar como fonte de recursos e información.
- Estimular a adquisición de competencias clave por parte do alumnado, moi especialmente a competencia en comunicación lingüística, aprender a aprender e conciencia e expresión cultural.
- Facer partícipe do PDI a toda a comunidade educativa. Mostrarlles ás familias o resultado dos nosos traballos.

2. Planificación con referencia a aos contidos curriculares, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación.

En función da peza adoptada cada profesor/a planificou que contidos traballaría dentro do proxecto e elaborou a documentación xustificativa do mesmo, que achegamos como [anexo](#).

3. Calendario de tarefas previstas

FASE 1. Motivación.	
Outubro	<u>A Porta Misteriosa</u>
	<u>Que é isto?</u>
	Visitas ao Museo
Novembro / decembro	<u>Adopta unha peza</u>
Decembro	<u>Doa unha peza</u>
FASE 2. Tarefas de Investigación.	
Xaneiro-Maio	Cada grupo, en función da Programación de Aula realizou o(s) seu(s) traballo(s) de investigación documental.
Maio-Xuño	Realización dos produtos de difusión do Museo e da súa Inauguración (logotipo, <u>video promocional</u> , <u>anuncio radiofónico</u> , tríptico explicativo, chapas e convites, cartaz, <u>páxina web</u>)
Fase 3. Difusión do coñecemento	

11 de xuño	Entrevista radiofónica en Radio Estrada
14 de xuño	Inauguración do Museo e da Exposición de traballos do alumnado
	Participación na <i>Feira Piteas</i> , na Cidade da Cultura
17-20 de xuño	Xornadas de Portas Abertas dirixidas á Comunidade Escolar. Abriuse a exposición e o Museo de 10 a 13 horas. Foron establecidas dúas quendas : unha para atender os stands de cada grupo, cunha parella de alumnxs, que explicaban ás visitas as súas investigacións e outra de exposicións específicas de cada grupo clase, habilitándose a Biblioteca para iso.

4. Alumnado e profesorado participante

PROFESORADO	GRUPO /MATERIA	PEZA ADOPTADA TAREFA INAUGURACIÓN
María Dolores Gil Arca	4º Educación Infantil (22 nenxs)	A balanza
Natalia Miranda Pereira	5ºB Educación Infantil (14 nenxs)	O muíño do Café
Marta Pereira Pena	6º Educación Infantil (20 nenxs)	Trebellos do Liño
Ana Reimóndez Ramos	1º A de Educación Primaria (16 nenxs)	Ferro de pasar Convites inauguración
Isabel González Santomé	1ºB de Educación Primaria (16 nenxs)	Ferro de pasar Convites inauguración
Mª Concepción Barros Casal	2ºA de Educación Primaria (17 nenxs)	<i>Pizarillo</i> e máquina de escribir
Mari Carmen Folgar Núñez	2ºB de Educación Primaria (19 nenxs)	<i>Pizarrillo</i> e máquina de escribir
Melisa González Núñez	3º A de Educación Primaria (16 nenxs)	Telurio
Ana Mosteiro Vicente (coord. PFPP)		
María Montserrat Estévez Iglesias	3º B de Educación Primaria (17 nenxs)	Esfera Armilar
Silvia López Sande	4º A de Educación Primaria (15 nenxs)	Teléfono Anuncio Radiofónico
Concepción Diéguez Sanmartín	4º B de Educación Primaria (17 nenxs)	Telégrafo Anuncio radiofónico
María José Soto Pereiro	5º A de Educación Primaria (20)	Proxector de cine

	nenxs)	Anuncio TV
María José Gulías Carrillo	5º B de Educación Primaria (19 nenxs)	Proxector de cine Anuncio TV
Antón Sande Iglesias	6ºA de Educación Primaria (14 nenxs)	Maleta Cartaz inauguración Trípticos divulgativos
Eugenia Goldar Cora		
Lucía Louzao Brey		
Susana Sánchez Arins	1º ESO A (16 nenxs)	Globo terráqueo negro
	1º ESO B (15 nenxs)	Máquina de escribir, tocadiscos, utensilios de escritura e Caixa rexistradora
	3º ESO A (21 nenxs)	Tocadiscos
Sabela Pérez Agulla	2º ESO A (14 nenxs)	Pupitre, tocadiscos, <i>pizarrillo</i> e ferro de pasar
Marta Álvarez Vidal	3º ESO A (21 nenxs)	Diapasón
Hortensia Fernández Torre	2º ESO B Sustentabilidade (21 nenxs)	Lámpadas de carburo
	3º ESO A (21 nenxs)	Lanterna Máxica
	4º ESO TIC (10 nenxs)	Páxina web

En total participou case a totalidade do alumnado, 333 alumnxs de 370.

5. Organización para a súa realización

O feito de facer parte, a maior parte do profesorado, do **Plan de Formación Permanente do Profesorado**, facilitou as accións de coordinación do traballo, ao igual que o feito de que nese grupo estivesen incorporadas responsábeis de Biblioteca, EDL, equipo directivo e DACE.

Optamos por centrar en cada trimestre unha fase do proxecto, como se pode comprobar no calendario de actividades:

- **Fase 1. Motivación Xeral:** xestionada desde a Biblioteca Escolar aproveitando a figura da mascota.
- **Fase 2. Traballo de investigación:** cada grupo participante adoptou unha peza do Museo sobre a que traballou e investigou. Foi marcada a importancia de elaborar produtos que difundisen o coñecemento adquirido, pois a idea era que servisen para as visitas guiadas virtuais do museo. Cada docente escolleu grupo/materias/áreas desde as que traballar.

Utilizamos varias das xuntanzas formativas do PFPP para pór en común ideas, obstáculos e propostas, axudándonos unhas ás outras a mellorar as nosas investigacións.

- **Fase 3. Difusión do coñecemento.** Tamén desde as sesións do PFPP organizamos a inauguración e a Semana de Portas Abertas e distribuímos tarefas, responsabilidades e responsábeis.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

O obxecto xeral de investigación era **o fondo do Museo Xesús Ferro Couselo**. As escollas de peza condicionaron as temáticas de investigación e as áreas implicadas, como se pode comprobar nas [Unidades Didácticas elaboradas](#).

GRUPO /MATERIA	PEZA ADOPTADA TAREFA INAUGURACIÓN	TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN
4º Educación Infantil	A balanza	Pesos e medidas: funcionamento da balanza.
5ºB Educación Infantil	O muíño do Café	O café, o Muíño: orixe, evolución, museos...
6º Educación Infantil	Trebellos do Liño	Tecidos de fibras naturais que tiveron relevancia en Galicia no S. XX: o liño e a lá.
1º A de EP	Ferro de pasar Convites inauguración	Coñecemos o ferro de pasar, o antes e o despois. Investigamos sobre o seu uso: como e quen? Elaboramos tarxeta convite da inauguración do museo.
1ºB de EP	Ferro de pasar Convites inauguración	
2ºA de EP	<i>Pizarillo</i> e máquina de escribir	Análise das diferentes formas de escritura, nas diferentes culturas, desde o comezo da escritura ata a actualidade e análise das distintas ferramentas que se utilizaron e se utilizan desde os comezos da escritura para a elaboración dun libro que recolla a
2ºB de EP	<i>Pizarrillo</i> e máquina de escribir	

		información
3º A de EP	Telurio	A partir da adopción de dúas pezas de uso cosmolóxico (un telurio e unha esfera armilar) do museo do centro, descubrimos o seu uso e historia e, por extensión, o noso universo.
3º B de EP	Esfera Armilar	
4º A de EP	Teléfono Anuncio Radiofónico	Investigar sobre á comunicación ao longo da historia. Utilidade e evolución do telégrafo e o teléfono. Explicación e guía sobre estas pezas do museo.
4º B de EP	Telégrafo Anuncio radiofónico	
5º A de EP	Proxector de cine Anuncio TV	Historia e evolución do cine. Anuncio para a apertura do museo.
5º B de EP	Proxector de cine Anuncio TV	
6ºA de EP	Maleta Cartaz inauguración Trípticos divulgativos	A emigración durante a Ditadura, un dos períodos máis duros da nosa comunidade e país.
1º ESO A	Globo terráqueo negro	Mundos imaxinarios e utopías
1º ESO B	Máquina de escribir, tocadiscos, utensilios de escritura e Caixa rexistradora	Orixe, Historia, Características de cada un dos obxectos adoptados.
3º ESO A	Tocadiscos	O tocadiscos e a música como recurso de lecer: historia, orixe, tecnoloxía.
2º ESO B	Pupitre, tocadiscos, <i>pizarrillo</i> e ferro de pasar	Orixe, Historia, Características de cada un dos obxectos adoptados.
2º ESO B Sustent.	Lámpadas de Carburo	Sistemas de iluminación anteriores á electricidade, o aproveitamento dos ríos e o impacto medioambiental, na paisaxe e na vida

		das poboacións próximas aos grandes encoros.
3º ESO A	Diapasón	Orixe, Historia, Características do diapasón e a súa utilidade na actividade musical. Antecedentes.
3º ESO A	Lanterna Máxica	Investigar sobre as orixes da fotografía, que supuxo para a arte a súa aparición e coñecer os principios ópticos nos que se basea para poder experimentar e realizar fotografías con sinxelas cámaras de cartón.
4º ESO TIC	Páxina web	Deseño e elaboración de páxinas web.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Aínda que cada docente adaptou o deseño ás necesidades do seu grupo, case todas as actividades tiveron características comúns, pois procuramos seguir o modelo SEM de aprendizaxe:

- Traballo en equipos cooperativos
- Artellamento das propostas en base a tres tipos de actividade:
 - **TIPO 1. Motivación:** a inicial da visita ao Museo e escolla da peza foi realizada por todos os grupos. A ela seguiron outras específicas: saídas (visita ao MUPEGA, visita ao Observatorio Astronómico, visita a Central Hidroeléctrica...), visitas de expertxs (telegrafista, artesán do liño, actor...), visionado de documentais.
 - **TIPO 2. De preparación:** case todo o profesorado partiu dalgunha **Rutina de Pensamento** para iniciar o traballo. O alumnado decidiu que sabía e que quería saber e a partir de aí organizou a investigación. Cada grupo escolleu que tipo de traballos quería elaborar e como compartir ese coñecemento co resto da comunidade educativa.
 - **TIPO 3. Produto Final.** Foron elaborados produtos finais de todo tipo para a exposición no centro (lapbooks, murais, liñas do tempo, maquetas, vídeos, libros...). Ademais,

grande parte dos grupos prepararon exposicións orais nas que explicaron todo o proceso de traballo e as súas descubertas.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO

Foi elaborada unha proposta inicial de proxecto e partillada con todo o profesorado.

Foi elaborada a planiña xeral explicativa do proxecto.

Foi elaborado o cadro de quendas e horarios para a Semana de Portas Abertas.

Foi elaborada carta de Booking, mascota da Biblioteca, para convidar ao alumnado á participación no proxecto.

Cada docente elaborou documentación específica para o seu alumnado segundo as circunstancias, mais debemos destacar que como este foi o protagonista, en realidade moita da documentación non foi elaborada PARA, senón CON.

5. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMANDO

O alumnado foi o protagonista deste proxecto: tivo capacidade de decisión e autonomía en todas as tarefas de investigación (desde a escolla da peza até o deseño dos produtos finais), realización de actividades creativas e tarefas de difusión do proxecto.

FASE I. MOTIVACIÓN XERAL	Participación no xogos propostos desde a Biblioteca.
FASE II. TRABALLOS INVESTIGACIÓN	de Escolla da peza a investigar. Deseño do proceso de investigación. Deseño de enquisas e cuestionarios e a súa aplicación. Procura de información (redes, familias, libros). Elaboración de documentación sobre a investigación.
FASE III: DIFUSIÓN COÑECEMENTO	DO Elaboración de todos os materiais de difusión do Museo: cartaces, convites, trípticos, chapas, vídeo promocional, cuña de radio.

Exposición oral dos traballos perante as familias e na feira PITEAS. Atención dos stands durante a Semana de Portas Abertas.

Isto resultou evidente durante a Semana de Portas Abertas e a participación na Feira Piteas, pois CALQUERA alumnx era quen de contar e explicar o proceso de traballo, as características da peza adoptada no seu grupo e os coñecementos adquiridos.

6. RECURSOS UTILIZADOS, ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES DE INFORMACIÓN UTILIZADAS.

Todo o proxecto estivo centrado, xustamente, na recuperación para uso pedagóxico dun recurso oculto da biblioteca escolar: **o seu MUSEO**. Consideramos que o resultado non podía ser máis positivo. Xs docentes integrantes do equipo descubrimos as potencialidades que para as nosas áreas e materias ten o fondo museístico do centro e a intención é continuar a utilizalo en proxectos futuros.

Outro recurso de grande importancia no proxecto foron **as familias do alumnado**. En varios dos subproxectos tiveron protagonismo central ([Tecendo fíos, o ferro de pasar](#), [A emigración](#), [A fábrica da luz](#), etc.) e noutros moitos presenza importante ([Os medios de comunicación](#), [O tocadiscos](#), [O cine](#), [Rumbo ao universo](#), [Exposición gravada en inglés](#), etc.).

Como cada subproxecto trataba temas diferentes relacionados con áreas de coñecemento diversas, cada docente seleccionou as súas fontes de información, reflectidas en cada unha das [planiñas individuais de proxecto](#). Destaca a procura en redes e a selección, en parte deles, dunha lectura motivadora relacionada co tema (*Ovelliña dame lá*, de Isabel Minhós; *O mitón*, de Jan Brett *Atlas de los lugares que no existen*, de Mia Cassany e Ana de Lima).

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

FASE I. MOTIVACIÓN XERAL	<p>As familias recibiron información do proxecto.</p> <p>As familias foron convidadas a participar a través da tarefa Doa unha peza.</p> <p>Por outra banda, o Concello de Cuntis colaborou na tarefa de fumigación e tratamento das peza do Museo e na da renovación do espazo físico.</p>
FASE II. TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN	<p>As familias, como xa indicamos no apartado 6, foron unha das principais fontes de información para os traballos.</p> <p>Recibimos visitas das familias, como expertas, para realizar charlas e obradoiros.</p>
FASE III: DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO	<p>As familias xestionaron unha entrevista en Radio Estrada para difundir o proxecto na comarca (minuto 75, aprox.).</p> <p>As familias participaron como público na Inauguración do Museo, na Feira Piteas (trasladando alumnado tamén).</p> <p>As familias participaron como público das charlas e exposicións orais do alumnado na Semana de Portas Abertas.</p>

8. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULO, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.

En función da peza adoptada cada profesora planificou a avaliación do proxecto e incluíu criterios e procedementos na documentación xustificativa do mesmo, que achegamos como [anexo](#).

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

A Biblioteca asumiu a co-coordinación do Proxecto xunto coa coordinadora do **Plan de Formación Permanente do Profesorado**. Se a segunda asumía a responsabilidade sobre as sesións de formación do Profesorado, dentro do **Programa Piteas** e o desenvolvemento curricular das tarefas, a coordinadora da Biblioteca asumiu as seguintes responsabilidades:

1. Elaboración da **proposta de traballo**, distribuída en fases e con suxestións de tarefas.
2. Adquisición e disposición de recursos documentais para o profesorado.
3. Xestión, xunto co equipo directivo, das mudanzas no espazo museístico (obras, compra de material, reorganización).
4. Organización das **Actividades Xerais de Motivación**, utilizando a figura da mascota como mensaxeira:
 - a) **A porta misteriosa**. Para chamar a atención sobre o espazo e o proxecto foi forrada a porta do Museo e colocado un grande interrogante diante. Días despois, a mascota enviou unha carta ás clases propoñendo un reto: conseguir a chave para saber que pasaba por tras desa estraña porta da Biblioteca. Cada grupo recibiu, durante unha semana, unha adiviña diaria a cambio de cuxa resposta recibía unha das letras clave. Aos cinco días xuntaban a palabra: CHAVE e conseguía autorización para entrar no cuarto misterioso: o Museo.
 - b) **A peza misteriosa**. Unha das pezas do Museo foi exposta no corredor principal do centro cun concurso xeral para adiviñar o seu nome. Cada día, durante unha semana, foron ofrecidas pistas que facilitasen a investigación do alumnado.
 - c) **Visitas ao Museo**. Unha vez recibida a autorización para coñecer o Museo, desde a Biblioteca organizouse un calendario de visitas para que todos os grupos que quixesen puidesen coñecelo acompañados do profesorado implicado no proxecto.

- d) **Adopta unha peza.** A actividade principal de motivación, unha vez coñecido o Museo, foi a de fomentar a adopción de pezas do mesmo por parte de aulas e/ou equipos de traballo. Para iso foi enviada unha carta de Booking, a mascota, a todos os grupos onde se lles propuña escoller peza e investigala. O profesorado dos grupos orientou en maior ou menor grao as eleccións.
- e) **Doa unha peza.** Elaboración dunha proposta dirixida ás familias, enviada co boletín de notas do primeiro trimestre, para que soubesen do proxecto e colaborasen tanto ofrecendo información ao alumnado como doando pezas novas para os fondos do Museo.
- f) **Contacto co MUPEGA.** Desde a Biblioteca Escolar contactamos co persoal do MUPEGA para sermos orientadas á hora de re-musealizar o espazo. Recibimos a visita dunha das súas técnicas.
- g) **Concurso Logotipo.** Desde a Biblioteca Escolar foi organizado un Concurso Escolar, dirixido a todo o alumnado, para escoller o logotipo do novo Museo.

10. ANEXOS

Achegamos como anexos:

- Arquivo cos [Documentos](#) do proxecto xeral e dos subproxectos realizados.
- [Arquivo fotográfico](#) das actividades realizadas.
- Ligazón á [páxina web](#) realizada para o proxecto, onde poden ser visionados produtos audiovisuais elaborados polo alumnado:

<https://sites.google.com/view/museoferrocouselo/inicio> .